



CIRCULAR nº1/2026

Asunto: CIRCULAR POLA SE MODIFICA A VIXENCIA DA EMISIÓN DE CERTIFICADOS DE FAMILIA MONOPARENTAL

DE: DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

PARA : SERVIZO DE APOIO Á FAMILIA, Á INFANCIA E Á ADOLESCENCIA



De acordo co establecido no artigo 13 da lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, na súa redacción actual, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas ao seu cargo, nos seguintes supostos:

- Os homes ou as mulleres que afrontan a paternidade ou a maternidade en solitario.
- As familias formadas por unha ou un cónxuxe viúvo e os fillos e fillas.
- As familias formadas por un pai ou nai que queda a cargo das fillas e fillos sen que haxa custodia compartida.

Para os efectos previstos neste artigo, teñen a mesma consideración que o fillo ou a filla:

- a) As persoas unidas ao único proxenitor ou proxenitora por razón de tutela ou acollemento.
- b) O concibido ou a concibida, sempre que mediante a aplicación desta asimilación se obteña maior beneficio.

A circular nº 4 de data 01.04.2023 estableceu con carácter xeral a vixencia de dous anos das solicitudes de certificado de familia monoparental con entrada no órgano administrativo a partires do 01.04.2023, co fin de contar cun procedemento máis áxil que permita a estas familias de especial consideración desfrutar dos beneficios sociais en materia de actividades e servizos públicos ou de interese xeral, sen necesidade de renovar o certificado con carácter anual, como se viña facendo ata esa data.

Non obstante, a administración autonómica segue a impulsar a simplificación dos procedementos administrativos co fin de facilitar o acceso das familias de especial consideración aos servizos e beneficios asociados ao recoñecemento da dita condición.



Desta forma, co fin de avanzar na mellora no procedemento administrativo de emisión do certificado de familia monoparental, reducir os obstáculos administrativos e ofrecer unha xestión máis áxil e eficiente, dítase a seguinte circular.

1. AMPLIACIÓN DA VIXENCIA DOS CERTIFICADOS

A vixencia dos certificados de familia monoparental solicitados á Xunta de Galicia a partir da entrada en vigor desta circular será a seguinte:

- a) Con carácter xeral, no caso de que se trate do suposto do artigo 13.1. a) da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia; os homes ou as mulleres que afrontan a paternidade ou a maternidade en solitario, e as formadas por un cónxuxe viúvo e os fillos e fillas, a vixencia do certificado **ven determinada polo cumprimento da idade de 26 anos por parte da filla ou fillo menor da unidade familiar**.
- b) Nos restantes casos contemplados no artigo 13; as familias formadas por un pai ou nai que queda a cargo das fillas e fillos sen que haxa custodia compartida, a vixencia do certificado **será con carácter xeral de 5 anos**.

A dita vixencia establécese sen prexuízo da obriga por parte das persoas beneficiarias de comunicar o/s cambio/s das condicións que deron lugar á expedición do certificado e que poidan comportar unha modificación do certificado, ou no seu caso a perda da condición de familia monoparental.

2. VIXENCIA DOS CERTIFICADOS EXPEDIDOS ANTES DA ENTRADA EN VIGOR DESTA CIRCULAR

Os certificados de familia monoparental expedidos antes da entrada en vigor desta circular manteñen os seus efectos durante todo o período ao que se refire a súa concesión.



3. PRAZO DE SOLICITUDE EN CASO DE RENOVACIÓN DO CERTIFICADO

A solicitude de renovación dos certificados de monoparentalidade pode efectuarse cunha **antelación máxima de tres meses** á data de caducidade do certificado vixente.

A Xunta de Galicia non tramitará as solicitudes de renovación efectuadas cunha antelación maior aos tres meses anteriores á data de caducidade.

4. EFECTOS DESTA CIRCULAR

Esta circular terá efectos desde o día da súa sinatura.

En Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

